



C.d.U. Nº 190
Mércores 14-III-2001

O Correo da UNIVERSIDADE

Profesor da USC, secretario do Consello da Cultura ou vicepresidente da Fundación Castelao, Henrique Monteagudo Romero é

unha das voces máis autorizadas da cultura galega. Na entrevista con este xornal analiza as claves lingüísticas e culturais do

presente e do futuro dunha Galicia que, segundo el manifesta, debe "mirar cara a diante, ante os retos que se aproximan".

HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO, PROFESOR DE FILOLOXÍA DA USC

"A cultura galega é máis que un panteón de galegos ilustres"

SANTIAGO
A. Tarrío B.

Con Henrique Monteagudo falamos no seu despacho de secretario do Consello da Cultura Galega, o espacio de traballo co que calquera soñaría, con vistas directas á catedral compostelá. De feito, explicounos, desde alí emítese cada 25 de xullo o telexornal coa cámara enfocando directamente cara á praza do Obradoiro e a catedral.

Monteagudo Romero, profesor de Filoloxía Galego-Portuguesa na Facultade de Filoloxía compostelá; secretario do Consello da Cultura, ou vicepresidente da Fundación Castelao, é un dos máximos coñecedores da realidade social e lingüística galega, asemade que grande especialista na vida e obra de Castelao, non en van, son varias as publicacións que asina sobre o galeguista; a última, *Obras completas de Castelao* —que coordinou—, foi publicada por Galaxia coincidindo co 50 aniversario sobre a morte do rianxeiro.

Castelao

Verbo da obra de Castelao, o vicepresidente da fundación que



Henrique Monteagudo, na Biblioteca do Consello da Cultura

ANTONIO HERNÁNDEZ

leva o seu nome, Monteagudo Romero, indica que "a obra literaria está divulgada. Non tanto a súa traxectoria e pensamento político; o ano pasado avanzouse moito

pero aínda é necesario afondar máis para ter unha visión máis completa e detallada. Cómpre termos en conta —continúa—, que sobre todo a partir do 1936, a traxectoria po-

lítica e persoal do ensaísta están relacionadas entre si e aínda hai lagoas neste ámbito".

Neste sentido o profesor da Universidade de Santiago sinala que as eferméri-

des son "boas para divulgar coñecemento", como sucede con algunhas tan importantes como o Día das Letras Galegas, pero, alerta que "non debemos caer na cultura da efemeridade", mentres reflexiona que "a cultura galega é máis que unha herdanza, que un panteón de galegos ilustres", e o seu éxito radica na súa "vitalidade, innovación, no seu carácter dinámico" e neste sentido fai referencia á importancia das novas tecnoloxías. "Hai que mirar para diante", remata.

O futuro

Monteagudo continúa debullando o que para el son as claves do futuro e sinala que "hai que ter ideas, creatividade, busca-las maneiras e instrumentos técnicos que permitan máis comunicación e información, xa que —manifesta— a sociedade galega non está desconectada do mundo moderno e ó longo da historia tivo sempre unha capacidade "case milagrosa" de construír, sempre lle botou un pulso á creatividade que finalmente gañou". Neste sentido o rock bravú é un símbolo de vitalidade

Pasa á páx. seg.

RELOJ

VR
Valentín Renujos

En Valentín Renujos
encontrarás
el regalo
que buscas
para
el Día del Padre

C/ Doctor Teijeiro, nº 25
Teléf.: 981 565 298
SANTIAGO

Si el RELJ que busca no está aquí... es porque no existe



Cervecería

Galega

- Hamburguesas
- Raciones • Platos Combinados
- Bocadillos

Ateneo Brotons 30 • Tel. 981 565 298 • SANTIAGO DE COMPOSTELA